

# AS LENDAS DO RÍO DAS PEDRAS

Marcos do Couto  
do Mosteiro

O Mosteiro  
de San Xoán  
da Misarela

Pozo  
Negro

Ponte  
da Misarela

San Amaro  
e a barca de pedra

A Poza do  
río Misarela

As lavadeiras  
da Aldea Vella

Pereira  
de Ouro

# Xornadas

## A Pobra do Caramiñal no tempo

novembro de 2020

**ORGANIZA:**  
Concello da Pobra do Caramiñal  
Concellería de Cultura.

O río das Pedras e os seus afluentes o Misarela e o Barbanza son as veas da memoria oral da Pobra do Caramiñal. Na escasa lonxitude que leva desde a ría de Arousa ata o corazón da serra do Barbanza, o río reúne numerosos elementos do patrimonio cultural pobrense, tanto material -cruceiros, pasais, conventos, muíños, eremitorios, pontes, petróglifos, centrais hidroeléctricas, aldeas- como inmaterial, a través de numerosas lendas.

Pero o río das Pedras é algo máis. Para as últimas xeracións de pobrenses, o río xa non é o antigo lugar dos traballos agrarios, senón da descuberta da vida e da natureza na infancia e na primeira mocidade. O vello río garda o recordo dos primeiros amores e das amizades máis vivas. Así, as antigas lendas mestúranse coa nosa memoria persoal. Esta ilustración a cargo de Miguel Robledo, un dos mellores artistas gráficos do país, quere honrar ese territorio e contribuír a que ese legado inmemorial continúe por moitas xeracións máis.

Manuel Gago

### A barca de San Amaro

Aos pés do mosteiro da Misarela aínda se pode ver a barca de San Xoán, unha curiosa formación pétreo considerada de antigo como a embarcación deixada alí por San Amaro ao pé do convento que fundou. A lenda conta que San Amaro chegou polo mar na súa barca de pedra e comezo a remontar o río. Os mouros perseguían, e para dificultarlles o avance, San Amaro encheu o río de pedras e de aí vén o seu nome. A lenda xa fora anotada por Martín Sarmiento en 1745, aínda que atribuída a San Xoán.

### Os marcos do Couto do Mosteiro

A finais de setembro, no momento do solpor, pódense ver desde un petón situado río arriba da ponte da Misarela, como no alto das abas da Curota, unhas pedras estenden sombras largacías pola ladeira. O perímetro marcado por esas sombras marcaba os límites do couto do convento de San Xoán da Misarela.

Recollido de Joaquín Domínguez por Manuel Gago.

### O Pozo Negro

Ao remontar o río Barbanza desde o convento de San Xoán, atópase a piscina máis profunda do curso fluvial: o Pozo Negro. Trátase dun pozo sen fondo do que saen monstros terribles, como grandes serpes, e está habitado por bruxos encantadores. A lenda conta que o pozo non ten fondo, aínda que foi cegado pola acción dos troncos. Martín Sarmiento xa recolle esta lenda en 1745.

### A Pereira de Ouro

Ao fondo do Pozo Negro, o Pozo que non ten fondo, está prantada unha pereira que d peras de ouro. Esa pereira garda o coñecemento todo do mundo, e terma da serra. O día no que a pereira seque, a serra virase abaixo, soltará todas as augas que garda dentro e o mundo anegarase.

Recollido de Ramón Mariño Millán por Manuel Gago.

### A poza do río da Misarela

A unha poza do río acudían as rapazas da aldea na noite de San Xoán a se bañar. Alí agardaban para ver o Sol e a Lúa bailar aló no alto do firmamento.

Recollido de Juan de Reino por Adriana Rego Lojo.

### As lavandeiras

As lavandeiras do río eran mulleres que morreran no parto e estaban atrapadas no Alén. Lavaban todas as noites no río roupas ensanguentadas e ao redor delas flotaban luceciñas e voaban bolboretas negras e brancas. Cando alguén baixaba o río e as atopaba, ficaba encantado e debía axudalas no traballo. O vivo debía torcer a roupa no sentido contrario ao que as lavandeiras o facían. Se o conseguían, recibían un ben, como curar dalgunha enfermidade. De se trabucar, atoparíanse coa súa propia morte. Cando as lavandeiras se arrincaban pelos do cabelo, podían convertelos en cóbregas que andaban en derredor delas.

Recollido de Juan de Reino por Adriana Rego Lojo.



Concello da Pobra do Caramiñal